

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BETANZOS

*Nomeamento tenentes de alcalde 2023-2027*

**ANUNCIO: Nomeamento tenentes alcalde 2023-2027**

Por decreto da Alcaldía nº 1152/2023 de data 20/06/2023 (expediente: 2023/G003/001204) nomeáronse os seguintes tenentes de alcalde da Corporación 2023-2027

“**PRIMEIRO.-** Nomear como tenentes de alcalde deste Concello, cos efectos a día de hoxe, os membros da Xunta de Goberno local coa orde que se indica:

Primeiro tenente de alcalde: Diego Fernández López

Segundo tenente de alcalde: Andrés Teijo Hermida

Terceira tenente de alcalde: Ana Belén Veiga Pita

Cuarto tenente de alcalde: Ricardo Cheda Faraldo

Quinta tenente de alcalde: María Ángeles Veiga López

**SEGUNDO.-** Establecer que en caso de ausencia, vacante ou enfermidade desta alcaldía e da tenencia de Alcaldía, as atribucións e competencias que me reconece a lexislación vixente, e en especial, a ordenación de pagos e autorizacións de talóns bancarios serán realizadas polos membros da Xunta de Goberno local, de conformidade coa orde determinada na formación da Xunta de Goberno.

A estes efectos, cando esta Alcaldía teña que ausentarse do termo municipal, establecerá, mediante decreto, a duración da súa ausencia, designando ao tenente de alcalde para asumir as súas competencias.

De non conferirse esta designación de forma expresa, esta Alcaldía será substituída polo primeiro tenente de alcalde e, na súa falta, por calquera dos outros membros da Xunta de Goberno local, que deberán dar conta diso ao resto da Corporación, sen que durante o mesmo día poida actuar como alcalde accidental máis dun deles.

**TERCEIRO.-** Comunicarlles este decreto aos afectados, facéndolles constar que terá que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como alcalde accidental, non podendo no citado exercicio nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas. Notificarase ademais, esta resolución aos concelleiros delegados afectados, entendéndose aceptada a competencia delegada de forma tácita, se dentro do prazo das 24 horas seguintes non se manifesta nada en contra ou se fai uso da delegación.

**CUARTO.-** De conformidade co disposto polo artigo 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, as delegacións terán efecto desde o día seguinte á data de notificación deste decreto aos concelleiros afectados, e serán de carácter indefinido, sen prexuízo da potestade de avocación desta Alcaldía. En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento dos concelleiros delegados, esta Alcaldía asumirá, directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, entendéndose a estes efectos exercitada a potestade de avocación con base na presente resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste sentido.

**QUINTO.-** Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto polo artigo 44.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e dar conta ao Pleno desta resolución na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao previsto polo artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.”

Betanzos, 22 de xuño de 2023

A alcaldesa

María Barral Varela

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL BETANZOS

*Delegacións tenentes alcalde 2023-2027*

### **ANUNCIO: Delegacións tenentes alcalde 2023-2027**

Por decreto da Alcaldía nº 1162/2023 de data 20/06/2023 (expediente: 2023/G003/001207) realizáronse as seguintes delegacións nos tenentes de alcalde 2023-2027.

“**PRIMEIRO.-** Realizar as seguintes DELEGACIÓNS ESPECIAIS a favor dos Concelleiros que se indican, para a dirección e xestión das áreas de Goberno Municipal que a continuación se relacionan:

-Ao primeiro tenente de alcalde, don **Diego Fernández López**: delegación nos asuntos de **Economía e Facenda, Contratación e Proxectos Europeos; Seguridade e Mobilidade; Urbanismo, Patrimonio e Casco Histórico.**

-Ao segundo tenente de alcalde, don **Andrés Teijo Hermida**: delegación nos asuntos de **Persoal; Educación; Medio Ambiente, Parques e Xardíns e Obras Públicas e Servizos.**

-Á terceira tenente de alcalde, dona **Ana Belén Veiga Pita**: delegación nos asuntos de **Cultura; Normalización Lingüística; Honras e Distincións e Turismo.**

-Ao cuarto tenente de alcalde, don **Ricardo Cheda Faraldo**: delegación nos asuntos de **Mocidade e Innovación; Formación e Emprego; Deportes e Participación Cidadá.**

-Á quinta tenente de alcalde, dona **María Ángeles Veiga López**: delegación nos asuntos de **Comercio, Hostalaría e Industria; Festas; Promoción Económica; Feiras e Mercados.**

**SEGUNDO.** Estas facultades se concretan nos concelleiros:

Diego Fernández López

Andrés Teijo Hermida

Ricardo Cheda Faraldo

en resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros calquera dos expedientes tramitados pola súa concellaría delegada agás as atribucións indelegables e as que son obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local.

O concelleiro ou concelleira que ostente unha delegación xenérica (de área) terá a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros ou concelleiras con delegacións especiais que se encadren na súa área.

As anteriores delegacións xenéricas nos concelleiros indicados neste punto abarcan tanto as facultades de dirección, organización interna e xestión dos correspondentes servizos, como a de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. En todo caso, estes Concelleiros/as nomeados especificamente exercerán, dentro da súa materia, as seguintes funcións:

- a) A dirección do persoal adscrito.
- b) A firma de actos de trámite ou definitivos, incluídas as resolucións dos expedientes que ten na actualidade atribuída a organización administrativa municipal sobre as áreas delegadas, exceptuando as delegacións efectuadas na Xunta de Goberno Local.
- c) A iniciativa, impulso, dirección e coordinación dos servizos e actividades.
- d) Exercer o control e tutela dos organismos públicos e sociedades municipais adscritos á concellería.
- e) Elevar á persoa titular da alcaldía ou a través desta, á Xunta de Goberno local ou ao Pleno, propostas de resolucións, acordos ou Convenios nas materias que lle correspondan.
- f) Autorizar e dispor gastos e recoñecer e liquidar obrigacións na contía e condicións fixadas para o contrato menor.
- g) O seguimento do cumprimento e execución dos contratos e Convenios.
- h) Dar o visto e prace ás certificacións expedidas polos servizos.
- i) A resolución dos procedementos de acceso, rectificación ou cancelación de datos de carácter persoal dos ficheiros.

**TERCEIRO.** Delegar de forma indistinta en todos os Concelleiros deste Concello as competencias que a esta Alcaldía lle outorga o artigo 51.1 do Código Civil, na nova redacción dada ao mesmo pola Lei 35/1994, de 23 de decembro, para autorizar os matrimonios civís que se celebren neste termo municipal.

Esta delegación faculta a todos os Concelleiros para autorizar matrimonios civís, sen que nunha mesma cerimonia poida intervir máis dun deles.

**CUARTO.** Respecto das concellarías delegadas con potestade para ditar resolucións que afecten a terceiros, delégase a resolución dos recursos de reposición e extraordinarios de revisión que, de ser o caso, poidan interpoñerse ao abeiro do previsto nos artigos 123.1 e 125 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común e das administracións públicas.

**QUINTO.** As delegacións conferidas neste decreto enténdense sen prexuízo das que a lexislación lle atribúe ao alcalde como competencias indelegables, así como das delegadas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

**SEXTO.** En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento dos concelleiros ou concelleiras delegados, esta Alcaldía asumirá, directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia ordinaria, entendéndose para estes efectos exercitada a potestade de avocación en base a esta resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste sentido.

As atribucións delegadas deberanse exercer nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares noutro órgano ou concelleiro.

**SÉTIMO.** De conformidade co disposto polo artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, estas delegacións terán efecto desde o día seguinte á data de notificación deste Decreto aos Concelleiros afectados, e serán de carácter indefinido, sen prexuízo da potestade de avocación desta Alcaldía.

A alcaldía poderá avocar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, de réxime xurídico do sector público e 116 do ROF.

**OITAVO.** A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.

**NOVENO.** Estas delegacións estarán en vigor durante o mandato correspondente ao período 2023/2027, sen prexuízo da súa modificación, ampliación, revogación ou avocación polos trámites legalmente establecidos.

**DÉCIMO.** Os expedientes iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste decreto serán continuados polo órgano que corresponda de acordo co novo réxime de delegacións.

**DUODÉCIMO.** Notificar esta resolución aos Concelleiros afectados, entendéndose aceptada a competencia delegada de forma tácita, se dentro do prazo das 24 horas seguintes non se manifesta nada en contra ou se fai uso da delegación.

**DÉCIMO TERCEIRO.** Desta resolución darase coñecemento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, notificándose persoalmente aos concelleiros e concelleiras designados, para a súa aceptación expresa ou tácita, segundo dispón o artigo 114.1 do ROF, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e mais no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da súa data, conforme se indica no artigo 44 do citado regulamento.”

Betanzos, 22 de xuño de 2023

A alcaldesa

María Barral Varela

2023/5120